



**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**  
RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O  
DÍA 01 DE FEBREIRO DE 2016  
Núm. 02/16**

---

**Lugar:** Casa consistorial do Concello de Bueu. Salón de sesións

**Data:** 01.02.2016

**Hora da convocatoria:** 20.00 h

**Hora de comezo:** 20.00 h

**Hora de remate:** 21.10 h

**Sres. asistentes:**

**Alcalde.-**

**D. FÉLIX JUNCAL NOVAS**

**Concelleiros.-**

**Polo Grupo BNG-ASEMBLEAS ABERTAS**

**DON MARTIN VILLANUEVA PASTORIZA**

**DON JUAN CARLOS EIREA EIRAS**

**DONA ANA ISABEL OTERO PASTORIZA**

**DON JOSE INOCENTE GARCIA CUERVO**

**DON FIDEL CASTRO QUIROGA**

**DONA MARÍA JOSÉ PÉREZ PIÑEIRO**

**DON MANUEL OTERO PÉREZ**

**DON XOSE LEAL FARIÑA**

**DONA M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ GONZÁLEZ**

**DONA SILVIA CARBALLO GONZÁLEZ**

**DONA INMACULADA CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ DIAS**

**Polo Grupo PARTIDO POPULAR**

**DONA BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ**

**DON MANUEL SANTOS PIRES**

**DONA MERCEDES DEL PILAR OTERO GONZALEZ** (se incorpora ás 20 horas e 10 minutos do expresado día, no punto 4º da orde do día)

**Polo Grupo PSdeG-PSOE**

**DON JOSE MANUEL VILAS PASTORIZA**

**Polo Grupo SON**

**DON JULIO VILLANUEVA GONZALEZ**

**Secretaria**

D<sup>a</sup> Nuria Lobato del Río

**Interventor**

D. Sergio Curra Moreira

No Salón de plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:00 horas do día 01 de febreiro de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao mes de febreiro, coa seguinte orde do día que resulta da resolución da Alcaldía núm. 42/16 de data 27 de xaneiro de 2016 e notificada ós membros da mesma:



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

- 1.- *Aprobación da acta da sesión anterior: núm. 01/16 da sesión ordinaria correspondente ao mes de xaneiro celebrada o pasado día 21.01.2016*
- 2.- *Dación de conta do informe de morosidade do concello de Bueu correspondente ao 4º trimestre de 2015*
- 3.- *Dación de conta do informe de morosidade do Instituto municipal de deportes de Bueu correspondente ao 4º trimestre de 2015*
- 4.- *Proposta do concelleiro delegado de relacións institucionais relativa ao irmandamento do concello de Bueu co concello de Ribadesella*
- 5.- *Moción do grupo político municipal de SON relativa á humanización do río Bispo*
- 6.- *Dación conta das resolucións de alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.*
- 7.- *Dación conta dos reparos de legalidade formulados polo interventor do concello dende a derradeira sesión ordinaria.*
- 8.- *Rogas e preguntas*

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. alcalde declárase aberta a sesión.

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: NÚM. 01/16 DA SESIÓN ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO CELEBRADA O PASADO 21 DE XANEIRO DE 2016**

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 01/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada o pasado 21 de xaneiro de 2016.

O Sr. Santos Pires formula unha observación relativa á súa derradeira pregunta formulada ao alcalde no senso de que conste que preguntou por dous cemiterios e non so por un tal e como se recolle no borrador da acta que se somete a aprobación.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 01/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada o pasado 21 de xaneiro de 2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade do seus membros asistentes (16 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 02 dos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON), aproba a acta núm. 01/16 da sesión ordinaria da corporación municipal correspondente ao mes de xaneiro celebrada o pasado 21 de xaneiro de 2016.

### **2. DACIÓN DE CONTA DO INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE BUEU CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2015**

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do concello relativo ao 4º trimestre do ano 2015 subscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 20.01.2016, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 4º trimestre do ano 2015.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do concello relativos ao 4º trimestre do ano 2015 subscritos polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 20.01.2016.



### **3. DACIÓN CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD) CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2015**

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do IMD relativo ao 4º trimestre do ano 2015 subscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 20.01.2016, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 4º trimestre do ano 2015.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do IMD relativo ao 4º trimestre do ano 2015 subscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 20.01.2016.

### **3. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS RELATIVA AO IRMANDAMENTO DO CONCELLO DE BUEU CO CONCELLO DE RIBADESELLA**

Polo sr. alcalde dáse lectura literal do ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Portavocía do goberno, educación, cultura e políticas sociais, adoptado en sesión ordinaria celebrada o 26.01.2016 relativo á proposta do concelleiro delegado de relacións institucionais sobre o asunto de referencia que literalmente dí:

*“(...) Desde o Concello de Bueu, e máis concretamente dende a Concellaría de Relacións Institucionais, somos conscientes de que queremos facer chegar a cultura e o patrimonio do noso pobo máis alá do pobo mesmo, e por iso propoñemos un irmandamento co municipio asturiano de Ribadesella, co ánimo de que esta relación contribúa ao impulso de valores como a amizade, a cooperación e a comprensión entre dous pobos que teñen moito en común.*

*O proceso de irmandamento que se vai levar a cabo impulsará que os dous concellos reúnan máis sinerxias á hora de organizar actividades e eventos en común.*

*O establecemento de vínculos estreitos entre os cidadáns e cidadás destes dous concellos permitirá compartir problemas, intercambiar opinións e descubrir diferentes puntos de vista sobre temáticas de interese común en ámbitos como a arte e a cultura, a xuventude, a política, e o desenvolvemento sostible, os servizos públicos locais, o desenvolvemento económico e social, a inclusión social e a solidariedade, tendo sempre como base o principio da equidade recíproca.*

*Bueu conta con moitas similitudes con respecto ao concello asturiano de Ribadesella, que se manifestan principalmente na característica de que os dous municipios son costeiros e teñen o turismo e a pesca como motores principais do seu desenvolvemento. Por iso, as liñas de colaboración camiñarán cara á consecución de metas comúns nas que ambos municipios poidan actuar conxuntamente, e outras liñas nas que un poida axudar ao outro na súa evolución.*

*En vista de todo o exposto, e con coñecemento de que contamos coa predisposición do goberno de Ribadesella neste irmandamento, PROPONEMOS:*

*PRIMEIRO: Iniciar o proceso de Irmandamento entre Bueu e Ribadesella.  
SEGUNDO: Dar Traslado deste acordo ás citadas localidades.(...)”*



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rematada a lectura do ditame polo Sr. alcalde e da proposta polo sr. Castro Quiroga, o Sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate**

O Sr. Santos Pires reitera as dúbidas plantexadas na sesión da comisión informativa na que se ditaminou o asunto e que aínda seguen sen resolverse relativas a porque o irmandamento se plantexa co concello de Ribadesella, cáles son as causas concretas que levan a esta proposta, se se estudiaon antes outras alternativas de irmandamento e qué razón levan á proposta que está a debaterse máis alá da oportunidade persoal.

O Sr. Vilas Pastoriza inicia a súa intervención manifestando que con esta proposta o goberno demostra novamente a súa prepotencia por iniciar o procedemento sen talante dialogante, en lugar de iniciar o proceso tratando de acadar o consenso entre os distintos grupos.

Cualifica a proposta de xenérica que valdría para cualquier outro concello, sen detaiar as concretas razóns que levan a escoller este concello para iniciar o procedemento de irmandamento e neste senso propón que Bueu se hermane co concello de Aveiro.

Considera que un irmandamento non pode facerse con encontros personais senón con sólidas razóns históricas, culturais ou de índole análoga que a xustifiquen e insta do goberno acadar o consenso para garantir o voto favorable de todos os membros da corporación.

Remata a súa intervención propoñendo irmandarse co Áviles.

O Sr. Villanueva González coincide coas manifestacións feitas polos concelleiros dos grupos da oposición neste asunto xa que considera que o irmandamento debe facerse poñendo previamente as bases, buscando alternativas e falando con todos os sectores, asociacións e colectivos implicados polo que anuncia a súa abstención neste asunto da orde do día.

Remata manifestando que ninguén lles explicou se Ribadesella quere irmandarse co Bueu, as razóns e as condicións.

O Sr. Castro Quiroga intervén para clarexar que o Pleno do concello de Ribadesella aprobou iniciar o procedemento de irmandamento co concello de Bueu e así se publicou hai dous meses.

O Sr. alcalde intervén para manifestar que a acreditación documental da incoación do expediente por parte do concello de Ribadesella consta no expediente administrativo que se trae a esta sesión plenaria.

O Sr. Castro Quiroga continúa a súa intervención manifestando que esta proposta é un comezo e que aínda non hai nada feito. Engade que lle foi factible iniciar este procedemento aínda que tamén lle parece ben a proposta feita polo Sr. Vilas Pastoriza de irmandarse co concello de Avilés e supón que é pola súa conexión coa fábrica Massó.

Remata a súa intervención reiterando que na sesión da comisión xa se explicaron as razóns da proposta que xiran principalmente en torno á explotación do sector turístico .

Considera que a proposta quedou suficientemente razoada na sesión da comisión informativa que a ditaminou coas explicacións dadas alí polo Sr. Eirea.

O Sr. alcalde fai unha primeira chamada de atención e recorda aos membros da corporación que hai que respectar os turnos de intervencións.



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

O Sr. Eirea Eiras intervén para clarexar dúas cuestións sobre este asunto; por unha banda, entende que quedou suficientemente explicado na sesión da comisión informativa que a proposta que esta a debaterse nace dunha vontade conxunta de irmandamento entre o concello de Ribadesella e o de Bueu e da predisposición daquel a incoar o correspondente procedementos tal e como consta, non só na proposta que se debate, senón entre a documentación obrante no correspondente expediente administrativo que se incorpora ao da sesión e, por outra banda, clarexa que a oportunidade do irmandamento constitúe un concepto indeterminado e, neste contexto, entende que a proposta xurdiu pola confluencia dunha serie de factores que permitiron a axilización da incoación do procedemento que garante o intercambio de experiencias entre concellos que ten moito en común.

O Sr. alcalde pecha o debate amosando a súa sorpresa por determinadas acusacións que xurdiron ao longo deste debate ao marxe do cuestionamento do plantexamento inicial.

Considera que un concello é libre de elixir con quién se irmá e cantas veces o fai xa que non hai un numerus clausus neste tipo de procedementos que son ademais novedosos no concello, aínda que hai concellos da comarca que xa os fixeron, e que poden supor una boa experiencia que beneficie a ambas partes.

Engade que o irmandamento con Ribadesella permitirá compartir experiencias entre concellos con moitas similitudes xa que ambos son municipios costeros medianos cunha forte impronta turística e, polo tanto, moi interesante como liña estratéxica para poder explotar múltiples recursos naturais e coñocer todas as vías de traballo.

Ao fío do manifestado polo Sr. Vilas, recoñece que hai moitas outras cidades coas que Bueu podería irmandarse ademais das sinaladas polo Sr. Vilas, con outras cidades coas que Bueu teñe vínculos ou puntos de interés comunes como Colonia que é a única cidade de Europa xunto co Bueu que ten templos de adoracións aos reis Magos.

Tamén considera interesante o irmandamento con Aveiro tal e como propón o Sr. Vilas pero cree que Bueu ten máis puntos de encontro con cualquier concello da cornisa cantábrica que con Aveiro; en cualquier caso remata manifestando que a incoación deste procedemento levará aparelhada a creación dunha comisión de seguimento encargada, entre outros, de determinar e organizar o concreto programa de actividades que permita establecer relacións de cooperación entre ambos municipios, promueva e facilite os medios da posta en marcha de proxectos de interés común e fomenta o contacto entre as poboacións.

Reitera que o acordo de incoación do procedemento polo concello de Ribadesella consta documentado no expediente deste asunto que se incorporou ao expediente da sesión plenaria.

O Sr. Santos Pires dirixese ao alcalde para clarexar que non hai acusacións sesgadas senón solicitude de aclaracións e explicacións sobre os motivos desta proposta do mesmo feito que fan en cualquier outro asunto e considera, polas intervencións dos membros do goberno municipal, que sigue sin recibirlas.

Da intervención do Sr. Alcalde parece que o irmandamento con Ribadesella baséase fundamentalmente no eido turístico, pero segue sin detallar porqué é con este concello e non con cualquier outro que tamán sexa costeiro e turístico.

O Sr. Alcalde da por debatido o asunto e recorda ao Sr. Pires que é nas sesións das comisións informativas onde pode manifestar o seu parecer e opinións sobre este asunto e se non está de acordo poderá votar en contra, así como ao longo da tramitación do correspondente procedemento.



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde somete a proposta do concelleiro delegado de relacións institucionais (sen data) sobre o asunto de referencia, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **Votación e acordo**

O Pleno da corporación municipal en votación ordinaria, nominal, a man alzada por maioría absoluta do seus membros (12 votos a favor que corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 04 votos en contra dos que 03 corresponden aos concelleiros do grupo político municipal do PP e 01 ao concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON), acorda :

- 1º.- Iniciar o proceso de Irmandamento entre Bueu e Ribadesella.
- 2º.- Dar Traslado deste acordo ás citadas localidades.

---

## **5. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE SON RELATIVA Á HUMANIZACIÓN DO RÍO BISPO**

---

Polo Sr. alcalde dáse lectura literal do ditame da Comisión Informativa permanente de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 27 de xaneiro de 2016, relativo á moción, de 28.10.2015 (RE núm. 8919/15 de 28.10.15) do grupo político municipal do BNG relativo á moción presentada por D. Julio Villanueva González como voceiro do grupo municipal SON (RE núm. 268 de 18.1.2016) relativa ao expediente de humanización do paseo fluvial do río Bispo.

A continuación, o Sr. Villanueva González da lectura da moción de referencia que literalmente dí:

### *“ANTECEDENTES*

*En data 29 de outubro de 2015 solicito por escrito nunha carta que adxunto, o expediente de humanización do paseo fluvial do río Bispo, e pregunto se consta a cesión dos terreos por parte dos veciños a favor do concello.*

*Tras a resposta do alcalde na data 19 de novembro de 2015, carta que tamén adxunto, chama a atención a non cesión dos terreos por parte dos veciños nin a posta en marcha de medidas para remediar esta situación.*

### *EXPOSICION DE MOTIVOS*

*Esta situación pode levar consigo consecuencias indesexables tanto para os veciños como para o concello, como podería ser que un veciño pechase o camiño por considerar que é o seu terreo, que no caso dun accidente un veciño demandase o propietario do terreo, ou irregularidades urbanísticas a causa destas situacións anómalas como xa pasou no caso do Edificio Pintos.*

### *POR TODO O ANTERIOR PIDESE*

*Instar o goberno que comece os trámites necesarios para a cesión ou expropiación no caso de que non cedesen os terreos tanro da obra xa rematada como nas futuras ampliacións para así evitar calquera problema que esta situación puidese ocasionar.(...)”*

Consta incorporado ao expediente administrativo da moción que se somete a debate e votación, informe da Secretaria do concello, referencia I03-16, de data 29.01.2016, emitido a requerimento de alcaldía sobre “Moción de 18.11.2016 presentada polo grupo político municipal de SON relativa a la humanización del paseo fluvial del río Bispo”

Rematada a lectura do ditame polo Sr. alcalde e da moción, de 18.11.2015 (RE núm. 268/16 de 18.01.2016) do grupo político municipal do SON relativa ao expediente de humanización do paseo fluvial do río Bispo, o Sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate**





## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

O Sr. Villanueva González engade ás explicacións dadas que non tivo acceso ao expediente relativo á obra sobre a que trata a moción e soamente se lle facilitou no mes de novembro de 2015 unha comunicación do alcalde explicando as actuacións seguidas respecto desta obra, pero parece ser que soamente hai un propietario dos afectados pola mesma que dispón dun documento de cesión e o resto non ten documento algún que formalice a cesión de parte da súas fincas a favor do concello para a realización da obra de acondicionamento da senda fluvial.

Engade que dispón do informe da secretaria do concello respecto deste asunto e considera que urxe formalizar canto antes as cesións para regularizar a situación creada e cualifica a moción como unha proposta de máximos para a consecución duns mínimos.

O Sr. Santos Pires sinala que o informe da secretaría á moción fai constar que non dispón do expediente administrativo relativo á primeira fase da obra de acondicionamento da senda fluvial.

O Sr. Villanueva Pastoriza intervén para clarear que se tratou máis dunha actuación de acondicionamento dunha senda que dunha obra en sentido estricto que xurdiu da vontade conxunta dos propietarios e do propio concello para dispor dunha senda que permitise o disfrute de todos os veciños e considera que o concello non é nadie para esixirle aos propietarios afectados as cesións as que alude o Sr. Villanueva.

Remata manifestando que non hai expediente porque non houbo licitación pública ao facerse con medios propios.

O Sr. Vilas Pastoriza considera que o que ten que existir son documentos que avalen as actuacións do concello. Critica que para una obra de promoción privada o concello esixa aos promotores todo tipo de documentos e, cando o concello é quien promove a obra, non conste documento algún.

O alcalde propón ao Sr. Villanueva González a introducción dunha enmenda a súa moción. Con carácter previo á proposta da enmenda clarexa que a finalidade do concello foi acondicionar unha zona que constitue servidume de tránsito que é propiedade privada, pero de uso público, e son os propietarios dos terreos afectados os obrigados a garantir a seguridade do tránsito nesas franxas de terreos.

Recorda que en moitas ocasións o concello tivo que acceder para realizar traballos de mantemento e seguridade, e que a competencia sobre as márxes do río son de Augas de Galicia e non do concello.

Engade que o concello púxose en contacto cos propietarios e a súa maioría consintiron de palabra sen esixir a formalización da cesión en documento público, sen prexuízo da obriga de ter que formalizar a mesma. Houbo parte dos traballos que foron contratados cunha empresa e así se indicou na comunicación de alcaldía de novembro de 2015 que lle foi entregada ao Sr. Villanueva.

O goberno non esta interesado en promover un procedemento de expropiación forzosa dos terreos, xa que entende que os propietarios teñen dereitos sobre as súas fincas ademais da obriga do sector público competente de definir o dominio público hidráulico para dar cumprimento das directivas comunitarias neste senso.

Respecto ao peche dos terreos sinalada polo Sr. Villanueva, considera que non é posible tendo en conta a obriga de dispor dunha franxa de 5 metros das ribeiras do río.



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Remata a súa intervención propoñendo ao Sr. Villanueva a seguinte enmenda a parate propositiva da súa moción:

*“Instar ó goberno a formalización das cesións de uso dos terreos do ámbito afectado pola senda fluvial do Río Bispo, tal como fixo con un dos propietarios”*

O Sr. Villanueva González acepta a enmenda formulada polo Sr. Alcalde pero desexa sinalar que a empresa que foi contratada polo concello para a execución parcial de parte dos traballos desta actuación cobrou case 10.000 euros, polo que considera que sí que houbo un contrato público en contra do manifestado polo Sr. Villanueva Pastoriza.

Ao respecto sinala que non lle gusta o uso que o concello deu a ese diñeiro público, xa que supón a realización dun gasto para unha actuación en propiedades privadas feita sen documentos que o avalen.

Remata a súa intervención manifestando se, tal e como dí o alcalde, os propietarios están obrigados a manter en condicións de seguridades as súas fincas e a zona de servidume, deberían ser éstos quen soportaran os gastos de acondicionamento ou, no seu defecto, Augas de Galicia como administración competente, e non o concello.

O Sr. Santos Pires diríxese ao alcalde para recordarlle que no punto anterior manifestou que é nas sesións das comisións informativas que dictaminan os asuntos que se someten á consideración do Pleno onde se deben discutir e clarexar todas as dúbidas e cuestións suscitadas como órganos de estudo e sen embargo, neste punto, é o propio alcalde o que introduce unha enmenda á moción do Sr. Villanueva González sen avisar.

Respecto á cuestión de fondo, considera que os terreos non se atopan en zona de servidume de tránsito, xa que este tipo de servidume no existe ao non atoparse regulada na normativa sectorial que regula o dominio público hidráulico e as súas servidumes.

O alcalde intervén para rectificar o manifestado ao respecto sinalando que se trata da zona de policía.

O Sr. Santos Pires considera que son franxas diferentes.

O alcalde clarexa ao respecto do manifestado polo Sr. Santos Pires que se refería no manifestado no punto anterior, que se algún concelleiro non esta de acordo coas explicacións dadas nas sesións das comisións informativas cando se dictaminan asuntos do pleno, poden votar en contra na correspondente sesión plenaria, e recordalle que enmendar propostas e mocións nunha sesión plenaria é un dereito que lle asiste a calquer concelleiro da corporación

Tras un breve debate onde os concelleiros reiteran as súas manifestacións e non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde somete a moción, de 18.11.2016 (RE núm. 268 de 18.01.2016) do grupo político municipal de SON relativa ao expediente de humanización do paseo fluvial do río Bispo, enmendada a proposta do alcalde e aceptada polo Sr. Villanueva González, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **Votación e acordo**

O Pleno da corporación municipal, en votación ordinaria, nominal, a man alzada por unanimidade dos seus membros (17 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP, 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político





## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

municipal de SON), acorda instar ó goberno a formalización das cesións de uso dos terreos do ámbito afectado pola senda fluvial do Río Bispo, tal como fixo con un dos propietarios.

### 6. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.

Pola Presidencia dáse conta das resolucións da alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
13	19/01/16	Incoación procedemento contrato menor <i>Conexión augas pluviais rúa Xoán Carballeira co novo punto de verquido</i>
14	11/12/15	Troco residencia no PMH de Pablo César Curra Miranda
15	11/12/15	Troco residencia no PMH de José Martín Lorenzo Núñez
16	28/12/15	Aprobación expte. modificación créditos 27/15, transferencia 14/15, por unha contía de 57.536,90 €
17	29/12/15	Aprobación gasto e orde pagamento taxas Portos de Galicia, e alumeado Policía Local
18	30/12/15	Aprobación xustificación anticipo Caixa Fixa
19	30/12/15	Aprobación global xustificativa importes recibidos e obrigas satisfeitas Anticipo Caia Fixa
20	30/12/15	Reintegro ó Servizo de Colaboración Integral, custas cobradas en procedementos de prema
21	30/12/15	(con levantamento de reparo)
22	15/01/16	Aprobación liquidacións taxa servizos Axuda no Fogar e Dependencia, mes novembro
23	20/01/16	Aprobación Certificación núm. 1 obras <i>Sinaléctica Concello de Bueu, Fase 1</i>
24	30/12/15	(con levantamento de reparo)
25	20/01/16	Autorización celebración voda civil a José Benito Plata Estévez e Mª José Villanueva Hermelo
26	20/01/16	Autorización celebración voda civil a Sara González Pérez
27	20/01/16	Autorización celebración voda civil a Mª Soledad García Besada
28	11/01/16	Nomeamento de Mª Jesús Fazanes Estévez como suplente Xefe Nogicado Intervención
29	07/01/16	Contratación de José Félix Pastoriza Rozas e seis máis como peóns limpeza
30	20/01/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 83.657,67 €
31	20/01/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Orange Espagne 4º T/15
32	19/01/16	Resolución reclamacións fiscais 14/15
33	21/01/16	Aprobación Plan Inspección Tributaria 2016
34	19/01/16	Aprobación expte. modificación créditos 01/16, incorporación remanentes 01/16, por unha contía de 24.048,75 €
35	23/12/15	Aprobación expte. modificación créditos 26/15, xeración 10/15, por unha contía de 134.638,87 €
36	22/01/16	Orde pagamento diversas obrigas por unha contía global de 15.377,70 €
37	25/01/16	Delegación fé pública Comisións Informativas en Isabel Navarro Lustres, en ausencia da titular Marina Sanjuan Núñez
38	07/01/16	Verificación subvención concedida para contratación de un socorrista
39	22/01/16	Autorización celebración voda civil a Lorena Martínez Lorenzo
40	22/01/16	Nomeamento de Isabel Navarro Lustre como suplente posto Xefe Negociado Urbanismo 22-28/02
41	26/01/16	Autorización celebración voda civil a Mauro Salvador López Fernández e Lucía Guerra Cendón
42	27/01/16	Convocatoria pleno 01/02/16

Non facendo uso da palabra ningún nos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.

### 7. DACIÓN CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
21	30/12/15	Levantamento reparo e recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 21/15 por unha contía global de 83.657,67 €
24	30/12/15	Levantamento reparo e recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 22/15 por unha contía global de 15.670,30 €



Non formulándose ningunha intervención, polo Sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

## **8. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN RELATIVA AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA**

A Presidencia da conta da moción conxunta, asinada pola totalidade de voceiros dos grupos políticos municipais da corporación municipal en base ao escrito presentado pola Cooperativa mexilonera de Bueu SOCOMEBU de 29.01.2016 (RE núm. 572/16) e da Asociación Ecolóxica Anduxía de 30.01.2016 (RE núm. 594/16) sobre o asunto de referencia e somete a votación ordinaria e nominal a man alzada a ratificación da súa inclusión na orde do día da presente sesión por tratarse dun asunto non dictaminado na correspondente sesión da comisión informativa permanente nos termos esixidos no art. 82.3 do real decreto 2568/86 tras a correspondente xustificación da urxencia da mesma polo Sr. alcalde que da lectura literal da mesma que literalmente di:

### ***“Moción conxunta dos grupos políticos municipais do BNG, SON, PP e PSOE do Concello de Bueu, sobre o Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.***

*Á vista do escrito presentado no Rxistro Xeral do Concello de Bueu o 29 de xaneiro de 2016, de parte da Cooperativa Mexiloneira de Bueu SOCOMEBU, con rexistro de entrada nº 572, e do presentado o 30 de xaneiro de 2016 pola Asociación Ecolóxica Anduxía sobre o mesmo tema e co nº 594, os grupos políticos municipais do BNG, SON, PP e PsdeG-PSOE. deciden levar a este pleno a moción conxunta de urxencia referente á **Retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.***

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

#### **SOBRE A IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR DE GALICIA NA ECONOMÍA LOCAL**

*O sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que sera: mariscadoras de pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote etc. constitúen en amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico, o sector do mar representa o 4% da produción total da economía galega e dá traballo directo e indirecto a miles de familias.*

*Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que induce en diversas actividades en terra, como é o caso de empresas destinatarias dos nosos produtos, empresas provedoras de servizos e subministros, e actividades auxiliares e de apoio.*

*A esta importancia do mar como actividade dinamizadora da economía, únese o valor social que adquire nos municipios consteiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.*

*Ao mesmo tempo, ten unha enorme contribución cualitativa desde o punto de vista etnográfico e gastronómico a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo.*

*Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo, tanto a flote como a pé nas praias.*

*Á vista do anterior, ninguén dubida de que todos os negocios grandes e pequenos vencellados á actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ao sector do mar de Galicia.*



### **SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA**

O pasado 1 de outubro de 2015, o Consello da Xunta de Galicia iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, sen diálogo previo cos sectores produtivos do mar. Saíu a exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro, por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro de 2015 debido ás protestas orixinadas.

Este Anteproxecto, primeiramente elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura), contempla un Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra que establece:

- Que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva.
- O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.
- A imposibilidade de que os Concelleos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal.

Así mesmo, contempla o Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecerá para cada zona das Rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/bate a empregar.

De se aprobar como Lei, consolida un trámite legislativo fraudulento e un engano á cidadanía, aos administrados, e tería como principais prexudicados a toda a xente do mar. De feito, ás autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal, quedando obrigadas a producir uns rendementos mínimos, e tendo que pagar os canons por superficie ocupada, ademais de ter que pasar as embarcacións á 4ª lista perdendo os permex doutras actividades, unha vía máis para a extinción da pesca tradicional e do marisqueo a pé ou a flote.

Todas as concesións, ao seu remate ou despois de non cumpriren os rendementos mínimos, saíran novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que obriga a xente do mar a competir cos máis fortes, o que favorece ás multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

A lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.

Para implantación da peixicultura intensiva, a lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada -AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro, como o salmón, que emprega especies extractoras, como os moluscos. Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura de aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implantación e a ocupación das augas das Rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establécese un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial das gaiolas de peixes, vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente: a depredación das pesquerías, a contaminación das Rías, a contaminación de peixes e mariscos, a degradación do medio mediante un impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.

Esta lei defende os intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadoras, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros... E é que o Anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia.

Ningún sector do mar está conforme con esta Lei porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrecerá as comarcas e vilas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

- *A calidade do medio mariño*
- *O afortalamento do tecido produtivo e a potenciación das actividades primarias incentivando a cooperación con líñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.*
- *A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda e da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.*
- *O incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fóra.*

*Por todo o anterior, e vista a importancia que o sector do mar ten en Galicia, e máis concretamente nesta Vila, os voceiros/as dos grupos da Corporación Municipal do Concello de Bueu,*

### **PROPOÑEMOS QUE ESTE PLENO MUNICIPAL ACORDE:**

1. *Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e a o Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.*
2. *Ademáis tamén propoñemos que se teña en conta ao sector do mar, principal afectado, nas decisións a tomar no tocante á regularización e xestión dos recursos marítimos por parte dos órganos políticos autorizados.*

*Os Voceiros/as da Corporación Municipal do Concello de Bueu.*

*Juan Carlos Eirea Eiras (BNG)*

*José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)*

*Julio Villanueva González (ACB-SON)*

*Berta Pérez Hernández (PP)*

*Bueu, a 1 de febreiro de 2016.”*

**Votación e acordo s./ ratificación da inclusión na orde do día da presente sesión da moción conxunta, asinada pola totalidade de voceiros dos grupos políticos municipais da corporación municipal en base aos escritos presentados pola Cooperativa Mexilloneira de Bueu SOCOMEBU de 29.01.2016 (RE núm. 572/16) e da Asociación ecolóxica Anduxía de 30.01.2016 (RE núm. 594/16)**

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade do seus membros ratifica a inclusión na orde do día da presente sesión da moción conxunta, asinada pola totalidade de voceiros dos grupos políticos municipais da corporación municipal en base aos escritos presentados pola Cooperativa Mexilloneira de Bueu SOCOMEBU de 29.01.2016 (RE núm. 572/16) e da Asociación ecolóxica Anduxía de 30.01.2016 (RE núm. 594/16)

Rematada a lectura da proposta conxunta, o Sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate**

A Sra. Pérez Hernández intervén para manifestar que o Presidente da Xunta de Galicia foi contundente respecto deste asunto na derradeira sesión celebrada polo Parlamento da Xunta de Galicia no senso de garantir que non se tratará ningún proxecto de lei ata que non estea refrendado polo sector tal e como se propón na moción conxunta que se somete a aprobación.

O Sr. Villanueva González intervén para xustificar o seu total apoio á moción de cuxa problemática é coñecedor por ser parte integrante do sector afectado polo anteproxecto de lei e pide da voceira do grupo político municipal do PP que sexa coherente co seu voto nesta sesión respecto a este punto e se o sector manifesta estar en contra da regulación proposta



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

no anteproxecto, cando chegue ao parlamento, non vote a prol dunha lei que vai en contra dos intereses do colectivo ao que afecta.

O Sr. Alcalde pecha o debate coa súa intervención manifestando o apoio do seu grupo ao texto, tanto na parte dispositiva, como respecto do fondo deste asunto, e considera que se deben adoptar todas as medidas que tendan á defensa dos recursos propios da terra e do mar que herdarán nosos fillos, coa creación de riqueza mediante a potenciación dos nosos recursos produtivos.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde somete a moción conxunta, asinada pola totalidade de voceiros dos grupos políticos municipais da corporación municipal en base aos escritos presentados pola Cooperativa Mexilloeira de Bueu SOCOMEBU de 29.01.2016 (RE núm. 572/16) e da Asociación ecolóxica Anduxía de 30.01.2016 (RE núm. 594/16), a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **Votación e acordo**

O Pleno da corporación municipal en votación ordinaria, nominal, a man alzada por unanimidade do seus membros (17 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP, 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON e), acorda:

1. Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e a o Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.
2. Ademais tamén propoñemos que se teña en conta ao sector do mar, principal afectado, nas decisións a tomar no tocante á regularización e xestión dos recursos marítimos por parte dos órganos políticos autorizados.

---

## **9. ROGOS E PREGUNTAS**

---

- ◆ A Sra. Otero González formula o seguinte rogo:  
Que a policía local faga seguimento dos roubos no polígono industrial. Engade que a policía secreta xa está investigando os mesmos.

O Sr. Alcalde descoñece o asunto aludido pola Sra. Otero, e manifesta que pedirá información á Policía local sobre o seu número e frecuencia.

- ◆ Santos Pires formula os seguintes rogos e preguntas:  
a) Qué actuacións levou a cabo o goberno sobre a problemática das avispas asiáticas.

O Sr. Castro Quiroga resposta que tivo unha reunión a semana pasada cunha asociación de apicultores para coñecer a problemática na que lle manifestaron que ían a colocar trampas coa previsión de dispoñer cun mapa cartográfico para localizar as zonas de concentración das avispas, dos niños e a colocación de trampas no mes de marzo

O Sr. Alcalde intervén para recoñecer a labor dos apicultores na extinción destas avispas sen contar con ningún tipo de axuda pública e clarifica que se trata dunha actuación conxunta que afecta a todos os concellos da comarca coa previsión de poder actuar a través da mancomunidade para poder formalizar algun convenio que permita facilitar aos apicultores o material necesario para a extinción.



**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

- ◆ O Sr. Vilas Pastoriza formula o seguinte rogo:
    - a) Que se remate a execución das obras de pavimentación e reasfaltado da estrada da parroquia de Cela.
- O alcalde clarexa que a execución da obra suspendeuse ao longo das vacacións de nadal e agora vain a retomar os traballos as brigadas.

Rematado o turno de rogos e preguntas, e non habendo mais asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 21:10 horas do día ó principio sinalado, de todo o que, en canto Secretaria Xeral do concello, dou fe.

A secretaria,

Vº Pr.  
O Alcalde,

Nuria Lobato del Río

Félix Juncal Novas